

4.- SECTORES PRODUCTIVOS

A análise dos sectores productivos da área funcional de Ferrol partirá da información facilitada polo Anuario Comercial de España 1999, publicado por La Caixa, os datos do Rexistro Mercantil, os facilitados polo Consello Galego de Relacións Laborais e mailos dous do servizo de información Ardán. O **cadro 4.1.** amosa unha primeira aproximación á análise sectorial.

O índice de actividade económica na área funcional de Ferrol (comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal) –que reflicte a importancia da actividade económica e que ven dada polas cotas tributarias correspondentes ó conxunto da actividades empresariais e profesionais, tomando como base o total nacional equivalente a 100.000 unidades– representa o 16,23% do índice de actividade que experimenta a provincia de A

Coruña. Como se pode apreciar no **cadro 4.1.**, a meirande parte da actividade económica concéntrase na comarca de Ferrol, cun índice de actividade económica de 269, fronte á comarca de Eume cun 96 e ó 23 da comarca de Ortegal.

Pola súa banda, o índice industrial –índice comparativo da importancia da industria– referido a 1997 reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da industria respecto ó total de España, con base: total pesetas de recadación de impostos en España = 100.000 unidades. Obsérvase que a porcentaxe de recadación dos impostos correspondentes ás actividades industriais do total de España é similar en Ferrol e en Eume, onde se recadou o 19,26% do total da provincia de A Coruña.

No que ós servizos se refire, o índice turístico, calculado en función da cota tribu-

Cadro 4.1.
Principais indicadores comerciais do Área de Ferrol 1998 (*)

	Area de Ferrol			A Coruña	Galicia
	Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal		
Poboación	167.396	29.260	18.049	1.110.302	2.742.622
Cota de Mercado	374	70	42	2.605	6.566
Índice Turístico	75	26	14	1.382	3.107
Teléfonos	61.924	9.716	5.899	399.929	962.940
Automóbiles	60.311	10.948	5.082	391.299	1.020.170
Camións e furgonetas	6.855	1.792	891	61.010	172.027
Oficinas bancarias	102	23	20	899	2.468
Actividades comerciais maioristas	525	54	82	4.413	11.111
Actividades comerciais minoristas					
número	3.011	618	359	22.242	53.315
m2	274.340	54.070	24.661	1.978.749	4.703.941
Actividades de restauración e bares	1.361	285	181	9.933	22.626
Índice Industrial	237	227	20	2.409	6.016
Índice actividade económica	269	96	23	2.390	5.774

(*) outras referencias no anexo 9

Fonte: La Caixa , Anuario Comercial de España 1999

taria (IAE), que ten en conta o número de habitacións, así como a ocupación anual e categoría dos establecementos turísticos, amosa que o 1,38% do turismo reglado en España está na provincia de A Coruña. A área de Ferrol acollería o 8,32% do turismo da provincia, con Ferrol como a máis importante das tres comarcas da área considerada.

Finalmente, a cota de mercado –que expresa a capacidade de consumo comparativa dos diferentes concellos e que está elaborada como promedio de números índices de 6 variables: poboación, número de teléfonos, automóbiles, camiões, oficinas bancarias, e actividades comerciais minoristas–, referida a decembro de 1997, amosa que a provincia de A Coruña ten o 2,61% da cota de mercado española, e que a área analizada presenta o 18,66% da capacidade de consumo da provincia.

O estudio realizado a partir dos datos facilitados por Ardán –que considera só ás

empresas que facturan máis de 40 millóns ó ano e non inclúe Bazán nen Endesa– permite concluír, en primeiro lugar, que o tecido productivo da área de Ferrol caracterízase, no que ó valor engadido das empresas se refire, polo predominio do sector industrial, seguido pola construción, os servizos e as industrias relacionadas co sector primario.

Para o conxunto das comarcas consideradas, o Rexistro Mercantil recolle que un total de 1.082 empresas presentaron contas tanto no ano 1996 como en 1997, das que 553 firmas facturaron en 1997 máis de 40 millóns de pesetas. A comarca de Ferrol é a máis importante da área funcional, xa que acolle un total de 445 empresas que facturan máis de 40 millóns, fronte ás 85 empresas de Eume e ás 33 de Ortegal.

Atendendo ós indicadores empresariais, as 553 empresas da área de Ferrol presentan un emprego medio de 24 traballadores por empresa e xeraron un valor engadido

Cadro 4.2.

Sectores productivos da Área de Ferrol 1997

(en miles de pesetas)

	Empresas (1)	Ingresos	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Sector primario	122	50.352.554	7.141.135	2.463.027	24.278.621	17
Sector agro-gandeiro	62	23.459.918	2.473.337	569.932	5.858.518	17
Sector mar e industria	15	6.553.787	1.032.990	404.618	3.627.071	28
Sector silvicultura e madeira	45	20.338.849	3.634.808	1.488.477	14793032	15
Industria	182	100.295.815	23.557.442	2.400.509	111.166.614	35
Energía	11	1.246.565	379.023	142.246	1292143	7
Bens intermedios	28	39.974.469	9.998.144	4.754.553	41654873	40
Bens de equipamento	99	41.853.757	9.084.860	3.749.210	56.189.783,00	40
Bens de consumo	44	17.221.024	4.095.415	1.252.920	12.029.815,00	31
Construcción	149	26.844.037	8.539.267	828.429	19.705.855,00	20
Servicios	100	24.406.588	7.539.707	1.811.077	16.267.491,00	19
Turismo e ocio	29	4.311.949	1.178.588	407.188	3.101.685,00	10
Transportes	40	14.323.663	4.311.339	1.067.630	10.335.918,00	26
Comunicación	9	2.556.917	315.137	87.717	687.142,00	9
Servicios empresariais	18	2.742.379,00	1.528.814,00	181.453,00	1.772.705,00	26
Servicios non destinados á venda (sanidade)	4	471.680	205.829	67.089	370.041	11
Total	553	201.898.994	46.777.551	7.503.042	171.418.581	24

(1) Non inclúe Endesa nen Bazán

Fonte: *Ardán*

bruto de 46.777,6 millóns de pesetas. Asemade, presentaron uns beneficios de 439,7 millóns de pesetas en 1997, fronte ós 13.995,7 millóns de pesetas de perdas do ano anterior no conxunto da área analizada (**cadros 4.2. e 4.3.**).

Destas 553 empresas, existen 9 empresas que podería ser consideradas como empresas gacela (aquelas que presentan un incremento do volume de negocio dun xeito continuado por riba do 25% de incremento anual durante tres anos consecutivos), e oito poden ser consideradas como empresas de alto rendemento (as que acadan unha rendibilidade económica media do 25%, polo menos nun período de tres anos, sen baixar nunca do 15% nalgún deses tres anos). Destas 17 empresas, 16 están ubicadas na comarca de Ferrol e unha na de Ortegal.

No concenrente ó financiamento do investimento das diferentes empresas, existe un certo equilibrio entre os acreedores a curto prazo e o financiamento permanente, onde destaca o peso do recurso ós fondos propios das empresas, que aumentan un 34,59% respecto ó ano anterior. Non obstante, a diferenza do que acontece no ano 1996, no conxunto da área considerada, o financiamento a curto prazo é lixeiramente inferior ó financiamento permanente (**cadro 4.4.**).

Se a comarca de Ferrol é a que presenta o maior número de empresas, é tamén a que rexistra un maior volume de ingresos de explotación (78,30%) e un valor engadido bruto a custo de factores (83,17%) (**cadro 4.3.**).

Desagregando o estudo por concellos, o **cadro 4.5.** reflicte os 5 principais

Cadro 4.3. Evolución das actividades productivas na Area de Ferrol 1996-97: ingresos, custos e resultados

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96	Resultados por comarcas 1997		
	1996	1997		Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Ingresos de explotación	217.655,93	201.899,00	-7,24	158.077,63	33.779,88	10.041,49
Consumo e outros gastos de explotación	189.055,19	155.121,46	-17,95	119.171,76	27.730,10	8.219,60
Valor engadido bruto a custo dos factores	33.600,78	46.777,58	39,22	38.905,89	6.049,79	1.821,90
Gastos de persoal	36.566,94	36.311,19	-0,70	30.998,11	4.100,08	1.213,00
Resultado económico bruto da explotación	-2.966,16	10.466,38	453,00	7.907,77	1.949,71	608,90
Amortizacións	6.307,82	7.063,38	11,98	6.046,35	738,17	278,86
Resultado económico neto da explotación	-9.273,95	3.403,00	137,00	1.861,42	1.211,54	330,04
Carga financeira	4.785,58	3.361,53	-29,76	2.991,56	208,50	161,47
Resultado de actividades ordinarias	-14.059,52	41,48	100,00	-1.130,14	1.003,05	168,57
Resultado de actividades extraordinarias	-8.625,02	1.347,79	116,00	1.134,09	87,05	126,65
Resultado antes de impostos	-22.684,55	1.389,28	106,00	3,96	1.090,10	295,22
Impostos	-8.688,88	949,63	111,00	528,09	353,98	67,56
Resultado neto do exercicio	-13.995,66	439,66	103,00	-524,11	736,11	227,66
Cash-flow	-7.687,83	7.503,05	198,00	5.522,24	1.474,29	506,52

Fonte: Ardán

Cadro 4.4. Evolución do investimento e do financiamento na Area de Ferrol 1996-97

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96	Resultados por comarcas 1997		
	1996	1997		Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Activo total	171.396,61	171.418,58	0,01	150.587,62	15.809,67	5.021,29
Activo fixo (neto)	63.884,48	69.616,63	8,97	61.615,15	6.128,23	1.873,25
Gastos amortizables	1.054,16	1.016,25	-3,60	918,56	54,87	42,82
Inmovilizado inmaterial	4.317,57	4.728,55	9,52	3.882,26	667,77	178,52
Inmovilizado material	46.299,68	49.424,83	6,75	43.439,18	4.497,38	1.488,27
Outro inmovilizado	11.963,22	14.256,61	19,17	13.204,27	888,71	163,63
Outro activo fixo	249,89	190,38	-23,81	170,88	19,50	-
Circulante neto	107.512,11	101.711,96	-5,39	88.882,46	9.681,45	3.148,05
Existencias	22.380,92	24.526,54	9,59	20.490,15	2.909,72	1.126,67
Debedores	56.796,74	50.554,01	-10,99	43.372,17	5.793,93	1.387,91
Tesorería	6.114,98	7.225,23	18,16	6.095,97	707,40	421,86
Outro activo circulante	22.219,47	19.496,17	-12,26	19.014,17	270,39	211,61
Fontes de financiamento	171.396,61	171.418,58	0,01	150.587,62	15.809,67	5.021,29
Financiación permanente	84.179,72	87.840,06	4,35	77.508,44	8.050,26	2.281,36
Fondos propios	34.525,55	46.466,41	34,59	39.298,17	6.056,58	1.111,66
Recursos alleos L/P	41.569,65	36.529,06	-12,13	34.322,85	1.539,07	667,14
Ingresos distribuidos en varios ejercicios	2.922,34	2.866,60	-1,91	2.338,20	285,90	242,50
Provisións	5.162,19	1.977,98	-61,68	1.549,22	168,70	260,06
Acreeedores a curto prazo	87.216,91	83.574,53	-4,18	73.075,18	7.759,41	2.739,94
Fondo de rotación	20.295,24	18.223,41	-10,21	15.893,28	1.922,02	408,11

Fonte: Ardán

Cadro 4.5. Núcleos de localización dos sectores productivos na Área de Ferrol 1996-97

Núcleos	(en millóns de pesetas)		1997 (%)	
	1996	1997	(% sobre o total)	97/96
Ferrol	16.470,98	17.095,95	36,55	3,79
Narón	10.709,47	11.769,91	25,16	9,90
Fene	-5.015,55	4.917,96	10,51	198,05
As Pontes	3.344,76	3.896,29	8,33	16,49
San Sadurniño	1.182,22	1.521,26	3,25	28,68
Total área Ferrol	33.600,78	46.777,58	100,00	39,22

Fonte: Ardán

núcleos de localización en termos de valor engadido bruto a custo de factores. Destacan, fundamentalmente, Ferrol e Narón, cun valor engadido de 17.095,9 millóns de pesetas e 11.769,9 millóns de pesetas respectivamente. Salienta tamén a evolución de Fene, que en 1996 presentaba un VEB negativo de 5.015,6 fronte ós 4.918,0 miles de millóns de 1997. A causa desta inversión na tendencia está na recuperación do sector industrial, e máis concretamente do subsector naval. A importancia destes 5 concellos radica en que o seu VEB a custo de factores representa o 83,8% do total do VEB xerado en Ferrolterra no ano 1997.

Sector primario e industrias relacionadas

As actividades que se agrupan baixo este epígrafe son as relativas ó subsector agro-gandeiro, ó subsector mar-industria e ó subsector madeira-silvicultura, cada unha delas co seu propio apartado dentro deste informe. O estudo estrutúrase en dúas partes diferenciadas: por unha banda, a estrutura productiva dos diferentes subsectores; e por outra, a análise económica empresarial dos mesmos.

O estudo parte da información facilitada polo servizo de información Ardán da Zona Franca de Vigo e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.

Desde o punto de vista da estrutura económica do sector, a área analizada ten unha superficie de 154.524 hectáreas, das que o 19,48% é considerada como cultivada. Destaca a superficie adicada ó cultivo do millo, aínda que o peso relativo da superficie adicada ó trigo é superior ó de Galicia e ó da provincia de A Coruña (**cadro 4.6.**).

En relación ó gando, na área de Ferrol se atopan 5.414 explotacións, que presentan un tamaño medio de 9,02 reses por explotación, fronte ás 11,05 de Galicia ou ás 11,38 da provincia de A Coruña. Non obstante, a comarca de Eume ten un tamaño medio das explotacións superior á media da provincia, con 12,76 reses por explotación (**cadro 4.7.**)

No tecido empresarial da área de Ferrol existen 122 empresas relacionadas co subsector primario, que experimentan un incremento do seu resultado económico neto de explotación dun 49,52% respecto ó ano anterior, e tamén un incremento do peso do

Cadro 4.6. Principais superficies e cultivos agrarios 1996: distribución de terras

(en Ha)

	Superficie total	Superficie agraria util	Superficie cultivada	Trigo	Centeo	Millo
Galicia	2.947.667	910.098	537.311	30.408	33.430	103.507
A Coruña	793.086	273.702	193.107	12.190	2.869	48.929
Área de Ferrol	154.524	44.032	30.102	2.417	121	5.324
Comarca de Ferrol	61.357	22.516	16.482	1.184	55	2.783
Comarca de Eume	54.034	12.378	6.827	497	66	691
Comarca de Ortegal	39.133	9.138	6.793	736	-	1.850
Área de Ferrol/A Coruña	19,48	16,09	15,59	19,83	4,22	10,88
Área de Ferrol/Galicia	5,24	4,84	5,60	7,95	0,36	5,14

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

Cadro 4.7. Censo de saneamento gandeiro 1996: distribución por concellos

	Nº de explotacións	Nº total de vacas	Nº total de reses	Nº de vacas de leite	Nº de vacas de carne
Galicia	97.044	756.685	1.072.580	481.023	275.662
A Coruña	36.551	284.364	415.826	204.251	80.113
Área de Ferrol	5.414	33.455	48.855	19.506	13.949
Comarca de Ferrol	2.828	13.377	19.806	7.900	5.477
Comarca de Eume	1.525	13.739	19.460	9.268	4.471
Comarca de Ortegal	1.061	6.339	9.589	2.338	4.001
Área de Ferrol/A Coruña	14,81	11,76	11,75	9,55	17,41
Área de Ferrol/Galicia	5,58	4,42	4,55	4,06	5,06

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

VEB a custo de factores no total de ingresos de explotación. Asemade, as empresas do subsector presentan un resultado neto do exercicio de 1.310,25 millóns de pesetas, un 121,33% superior ó experimentado no ano anterior.

Atendendo ós datos recollidos no **cadro 4.2.**, a área funcional analizada caracterízase por un predominio das empresas do subsector agro-gandeiro no que ó número de empresas e valor engadido se refire, xa que engloba ó 50,82% do total de empresas relacionadas co sector primario e o 46,59% dos

ingresos. Sen embargo, é o subsector silvicultura e madeira o que xera un maior valor engadido no ano 1997, ó aportar o 50,90% do total xerado polo sector primario.

• **Estructura productiva.-** A superficie total da área de Ferrol, como reflicte o **cadro 4.6.**, é de 154.524 hectáreas, é dicir, o 5,24% da superficie galega. Desas terras, o 19,48% corresponden á superficie cultivada, unha porcentaxe superior á adicada no conxunto da comunidade galega. Desagregando o estudo por comarcas, Ferrol, que representa o 39,71% da superficie total da área funcio-

nal considerada, acolle ó 54,75% do total do solo cultivado; pola contra, Eume é a comarca que presenta un menor peso relativo do terreo de cultivo respecto á súa superficie.

O dito **cadro 4.6.** recolle tamén os principais cultivos que se sementan na área de Ferrol. A superficie adicada ó cultivo do millo significa o 17,69% do total da superficie cultivada, porcentaxe que é inferior á que presenta tanto Galicia como a provincia de A Coruña. Non obstante, na comarca de Ortegal esta porcentaxe ascende ó 27,23% da superficie total cultivada.

O censo ten pouca importancia na área de Ferrol e, no caso do trigo, destaca o menor peso relativo da superficie adicada ó seu cultivo na comarca de Ferrol respecto á correspondente na provincia de A Coruña e no conxunto de Galicia.

No concernente ó gando, o censo de saneamento gandeiro de 1996, resumido no **cadro 4.7.**, reflicte que na área funcional de Ferrol había un total de 5.414 explotacións, cun tamaño medio de 9,02 reses por explotación. Estas explotacións son máis pequenas cas galegas consideradas no seu conxunto (11,05 cabezas por explotación) e que as da provincia de A Coruña (cun tamaño medio de 11,38 reses por explotación).

Por comarcas, Eume presenta un maior tamaño de explotación no que ó número de reses se refire e tamén en relación ó número de vacas. Esta comarca presenta unha maior tendencia á produción de leite, ó contrario do que acontece na comarca de Ortegal, onde o 63,12% das vacas está destinada á industria cárnica.

Segundo os datos a nivel municipal, só tres concellos presentan un tamaño medio de explotación superior ó de Galicia: A Capela e Monfero, en Eume; e Mañón, en Ortigueira. O primeiro presenta o maior tamaño medio de explotación, con 18,45 reses por granxa.

• **Indicadores empresariais.** Como recolle o **cadro 4.8.**, o subsector primario na área analizada presenta en 1997 un crecemento dos ingresos de explotación do 10,06%, superior ó experimentado polos gastos de explotación (consumo e outros gastos de explotación, gastos de persoal e amortizacións), que foi de 8,96% respecto ó ano anterior. Asemade, increméntase, tanto en termos absolutos como relativos, o valor do VEB a custo de factores que xera a empresa e dos recursos que se quedan na propia empresa.

O incremento do activo total nas empresas da área analizada foi financiado, no ano 1997, dunha forma equilibrada polo financiamento permanente e polos acreedores a curto prazo. Non obstante, existe certo predominio do financiamento permanente en 1997 (52,30% do total das fontes de financiamento), a diferenza do que acontecía o ano anterior, cando os recursos a curto prazo representaban o 54,30% do total das fontes de financiamento (**cadro 4.9.**).

En relación ó estudio económico e financeiro, salienta o aumento do resultado neto de explotación respecto ós ingresos e o descenso do peso relativo da carga financeira. Asemade, as rendibilidade económica e financeira aumentan, a primeira debido á

Cadro 4.8. Evolución da actividade do sector primario na Area de Ferrol 1996-97: ingresos, custos e resultados

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96 (%)	Resultados por Comarcas 1997		
	1996	1997		Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Ingresos de explotación	45.750,94	50.352,56	10,06	27.366,45	15.546,32	7.439,79
Consumo e outros gastos de explotación	39.279,16	43.211,42	10,01	22.650,56	14.001,56	6.559,30
Valor engadido bruto a custo dos factores	6.471,79	7.141,14	10,34	4.715,89	1.544,76	880,49
Gastos de persoal	3.940,08	4.136,15	4,98	2.442,70	1.132,20	561,25
Resultado económico bruto da explotación	2.531,69	3.004,98	18,69	2.273,19	412,55	319,24
Amortizacións	1.292,95	1.152,78	-10,84	796,31	222,77	133,70
Resultado económico neto da explotación	1.238,76	1.852,21	49,52	1.476,88	189,78	185,55
Carga financeira	550,43	469,94	-14,62	501,06	-113,13	82,01
Resultado de actividades ordinarias	688,33	1.382,28	100,82	975,82	302,92	103,54
Resultado de actividades extraordinarias	124,84	382,46	206,36	247,09	23,40	111,97
Resultado antes de impostos	813,16	1.764,74	117,02	1.222,91	326,32	215,51
Impostos	221,20	454,49	105,47	307,64	109,08	37,77
Resultado neto do exercicio	591,98	1.310,25	121,33	915,28	217,23	177,74
Cash-flow	1.884,92	2.463,04	30,67	1.711,59	440,01	311,44

Fonte: Ardán

Cadro 4.9. Evolución do investimento e do financiamento do sector primario na Area de Ferrol 1996-97

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96 (%)	Resultados por Comarcas 1997		
	1996	1997		Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Activo total	20.575,62	24.278,63	18,00	17.452,81	3.982,89	2.842,93
Activo fixo (neto)	9.538,52	11.342,88	18,92	8.932,54	1.579,03	831,31
Gastos amortizables	81,16	72,60	-10,55	36,26	4,13	32,21
Inmovilizado inmaterial	332,64	409,00	22,96	151,46	128,78	128,76
Inmovilizado material	8.398,75	9.526,41	13,43	7.609,53	1.325,72	591,16
Outro inmovilizado	702,89	1.309,27	86,27	1.109,70	120,39	79,18
Outro activo fixo	23,10	25,59	10,78	25,59		
Circulante neto	11.037,09	12.935,73	17,20	8.520,27	2.403,85	2.011,61
Existencias	4.417,20	5.158,39	16,78	3.447,66	962,84	747,89
Debedores	4.980,08	6.113,71	22,76	4.211,03	1.150,48	752,20
Tesourería	1.019,12	1.255,48	23,19	715,45	168,89	371,14
Outro activo circulante	620,70	408,15	-34,24	146,13	121,64	140,38
Fontes de financiamento	20.575,62	24.278,63	18,00	17.452,81	3.982,89	2.842,93
Financiación permanente	9.403,31	12.697,42	35,03	8.806,35	2.656,87	1.234,20
Fondos propios	6.486,73	7.811,09	20,42	4.908,74	2.217,16	685,19
Recursos alleos L/P	2.289,03	4.250,82	85,70	3.476,67	365,71	408,44
Ingresos distribuidos en varios exercicios	603,46	607,94	0,74	399,87	67,50	140,57
Provisións	24,08	27,57	14,49	21,07	6,50	
Acreedores a curto prazo	11.172,33	11.577,20	3,62	8.642,46	1.326,01	1.608,73
Fondo de rotación	-135,21	1.354,53	11,02	-126,2	1.077,84	402,89

Fonte: Ardán

evolución da rotación de activos, que compensa a caída da marxe da actividade, e a segunda motivada pola propia evolución da rendibilidade económica e o descenso do custo da débeda.

Os tres concellos máis importantes da área funcional de Ferrol polas empresas deste sector primario son San Sadurniño e Ferrol, na comarca de Ferrol, que xeran un total de 1.503,9 e 1.270,1 millóns de pesetas, respectivamente, e o de As Pontes, na comarca de Eume, cun VEB xerado de 1.191,4 millóns de pesetas en 1997.

Dos tres subsectores nos que se divide o sector primario, o **subsector agro-gandeiro** é o máis importante tanto polo número de empresas como polos ingresos que xera. Este subsector experimenta un crecemento dos ingresos de explotación do 3,88% respecto ó ano anterior, en tanto que os gastos de explotación aumentan un 3,84%. Asemade, prodúcese un crecemento do ratio VEB/Ingresos e do valor relativo do *cash-flow*.

No estudio económico-financeiro do subsector agro-gandeiro, conséntase un descenso da rendibilidade financeira e un aumento da rendibilidade económica, debida esta última ó crecemento da rotación de activos e da marxe de actividade.

As actividades máis importantes dentro deste grupo son as relativas á distribución de produtos alimenticios e bebidas, que xeran o 73,57% do total do VEB da zona e o 82,08% dos ingresos. O emprego medio nestas empresas, 17 traballadores por empresa, é igual ó emprego medio do subsector agro-gandeiro.

Finalmente, no concernente á distribución xeográfica das empresas do subsector analizado, os tres concellos máis importantes son os de As Pontes, na comarca de Eume, que xera un total de 1.050,7 millóns de pesetas, e Narón e Ferrol, na comarca de Ferrol, que xeran un total de 561,2 e 418,9 millóns, respectivamente. Estes tres núcleos xeran o 82,11% do total do subsector agro-gandeiro da área funcional.

O **subsector silvicultura-madeira** é o que lle segue en importancia, atendendo ás mesmas variables. É, ademais, o que presenta un maior valor engadido bruto, xa que xera o 50,90% do total creado polas industrias do subsector primario.

A diferenza do agro-gandeiro, o subsector silvicultura-madeira presenta non só un maior crecemento dos gastos de explotación que dos ingresos, senón que experimenta un descenso do valor relativo do VEB e un crecemento do valor relativo do *cash-flow*.

Respecto ó estudio económico-financeiro, despois do descenso da rendibilidade económica en 1996, ésta volve a crecer en 1997, dado que o aumento da rotación de activos compensa a caída da marxe de actividade.

A rendibilidade financeira experimenta tamén unha subida xa que, ademais do crecemento da rendibilidade económica, descende o custo da débeda.

As empresas de distribución de madeira e chapas son as que, en conxunto, presentan un maior volume de ingresos, con

8.556,1 millóns de pesetas en 1997 (o 46,35% do total dos ingresos de explotación do subsector), seguidas polas dúas empresas adicadas á fabricación de chapas, taboleiros, aglomerados e fibras, que presentan un volume de ingresos de 5.337,8 millóns de pesetas. Esta actividade é a que xera un maior valor engadido bruto, o 45,44% do total do subsector.

As principais empresas do subsector concéntranse na comarca de Ferrol, que acolle os dous municipios máis importantes en canto á xeración do VEB: San Sadurniño, con 1.480,8 millóns de pesetas, e Ferrol, con 766,6 millóns. O terceiro núcleo en importancia é Pontedeume, na comarca de Eume, que xerou un total de 201,3 millóns en 1997, moi lonxe do aportado polos devanditos concellos.

En terceiro lugar, as industrias relacionadas co **subsector mar-industria** presentan un crecemento do VEB e do *cash-flow*, tanto en termos absolutos como relativos, e rexístrouse tamén un crecemento dos ingresos de explotación superior ó experimentado polos gastos de explotación.

A principal actividade do subsector é a relacionada coa distribución dos produtos do mar: as 8 empresas adicadas á mesma obteñen, en conxunto, uns ingresos de 3.507,3 millóns de pesetas, fronte ós 1.939,4 millóns facturados polas dúas empresas conserveiras.

Xeograficamente, o concello de Cariño, na comarca de Ortegal, é, malia o descenso do seu VEB en 1997, o principal núcleo de actividade para o subsector, cun

valor engadido bruto xerado de 528.160 millóns de pesetas. Séguelle Cedeira, na comarca de Ferrol, con 305.733 millóns de pesetas, aínda que este concello experimenta un crecemento do 40,26% respecto ó ano anterior.

Respecto ó cooperativismo agrario, nesta área funcional de Ferrol existen unhas 40 cooperativas, nas que están agrupados aproximadamente 115 traballadores. Desas cooperativas, 22 son de abastecemento almacén, 7 agrupan a compradores de leite e 6 corresponden a seccións de crédito.

Industria

A área funcional de Ferrolterra, como reflicte o **cadro 4.2.**, é unha zona eminentemente industrial. As 182 empresas desta áreas que facturan máis de 40 millóns de pesetas (en 1997) acollen ó 48,00% do total dos traballadores considerados na mostra presentada por Ardán.

Un primeiro resumo do sector industrial está recollido nos **cadros 4.10. e 4.11.**, onde se pode apreciar que as devanditas 182 empresas experimentan unha mellora importante no ano 1997, xa que se reducen de forma importante as perdas no sector, que pasan de 15.318,79 millóns de pesetas en 1996 ós 1.962,77 millóns do ano 1997. Prodúcese ademais un aumento do valor relativo e absoluto do VEB a custo de factores, que representa en 1997 o 23,48% dos ingresos de explotación, fronte ó 9,45% do ano anterior.

Dentro do sector industrial destaca o peso do subsector de bens de equipamento,

Cadro 4.10. Evolución da actividade no sector industrial na Area de Ferrol 1996-97: ingresos , custos e resultados

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96	Resultados por Comarcas		
	1996	1997	(%)	Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Ingresos de explotación	124.988,45	100.295,81	-19,76	88.755,65	9.858,85	1.681,31
Consumo e outros gastos de explotación	118.170,85	76.738,38	-35,06	67.478,57	8.275,50	984,31
Valor engadido bruto a custo dos factores	11.817,62	23.557,44	99,34	21.277,09	1.583,35	697,00
Gastos de persoal	21.015,52	20.193,91	-3,91	18.809,06	911,46	473,39
Resultado económico bruto da explotación	-9.197,91	3.363,54	136,51	2.468,03	671,90	223,61
Amortizacións	3.603,09	4.362,78	21,08	4.031,28	218,28	113,22
Resultado económico neto da explotación	-12.800,99	-999,24	92,17	-1.563,25	453,62	110,39
Carga financeira	3.076,31	1.868,42	-39,26	1.744,66	69,86	53,90
Resultado de actividades ordinarias	-15.877,31	-2.867,66	81,94	-3.307,91	383,76	56,49
Resultado de actividades extraordinarias	-8.922,58	883,17	109,90	847,03	21,53	14,61
Resultado antes de impostos	-24.799,89	-1.984,49	92,00	-2.460,88	405,29	71,10
Impostos	-9.481,10	-22,21	99,76	-190,12	140,47	27,44
Resultado neto do exercicio	-15.318,79	-1.962,27	87,19	-2.270,75	264,82	43,66
Cash-flow	-11.715,69	2.400,51	1,20	1.760,53	483,10	156,88

Fonte: Ardán

Cadro 4.11. Evolución do investimento e do financiamento do sector industrial na área de Ferrol 1996-97

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96	Resultados por Comarcas 1997		
	1996	1997	(%)	Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Activo total	119.132,37	111.166,61	-6,69	104.626,10	4.899,17	1.641,34
Activo fixo (neto)	43.303,90	45.218,77	4,42	42.636,10	1.768,99	813,68
Gastos amortizables	613,15	654,15	6,69	627,47	19,62	7,06
Inmovilizado inmaterial	2.201,86	2.438,42	10,74	2.202,26	212,63	23,53
Inmovilizado material	31.093,95	31.974,30	2,83	29.776,83	1.490,99	706,48
Outro inmovilizado	9.277,26	10.034,20	8,16	9.911,84	45,75	76,61
Outro activo fixo	117,70	117,70	0,00	117,70		
Circulante neto	75.828,47	65.857,86	-13,15	61.900,00	3.130,19	827,67
Existencias	11.787,51	12.530,91	6,31	11.243,33	1.055,94	231,64
Debedores	40.747,76	31.805,10	-21,95	29.583,93	1.694,11	527,06
Tesourería	2.800,14	3.672,04	31,14	3.383,79	279,20	9,05
Outro activo circulante	20.493,05	17.939,80	-12,46	17.778,94	100,94	59,92
Fontes de financiamento	119.132,37	111.166,61	-6,69	104.626,10	4.899,17	1.641,34
Financiación permanente	61.385,13	59.804,87	-2,57	56.564,20	2.463,85	776,82
Fondos propios	19.341,65	28.863,93	49,23	26.686,30	1.882,69	294,94
Recursos alleos L/P	34.902,56	27.287,51	-21,82	26.788,06	379,55	119,90
Ingresos distribuídos en varios exercicios	2.196,30	2.011,51	-8,41	1.720,22	189,36	101,93
Provisións	4.944,63	1.641,92	-66,79	1.369,62	12,24	260,06
Acreedores a curto prazo	57.747,24	51.361,74	-11,06	48.061,90	2.435,32	864,52
Fondo de rotación	18.081,24	14.586,10	-19,33	13.928,10	694,86	- 36,86

Fonte: Ardán

que acolle a 99 das 182 empresas que compoñían o grupo en 1997 e que, cun emprego medio de 40 traballadores por empresa, xera o 41,73% dos ingresos sectoriais. Non obstante, son as empresas da industria de bens intermedios as que presentan maior valor engadido bruto, xa que aportan o 42,44% do total, e producen ademais o 39,86% dos ingresos.

No concernente ás fontes de financiamento dentro do sector industrial, existe, ó igual que o ano anterior, un predominio do financiamento permanente, aínda que en 1997, a diferenza do que aconteceu en 1996, os fondos propios superan ós recursos alleos.

As empresas máis importantes do sector industrial pola súa xeración do VEB están situadas na comarca de Ferrol, que engloba ós catro centros máis importantes de Ferrolterra. O concello de Narón é o máis importante, con 8.753,3 millóns de pesetas de VEB en 1997, seguido do concello de Ferrol, con 7.601,2 millóns de pesetas, e dos municipios de Fene e Mugardos, con 3.189,3 e 906 millóns de pesetas, respectivamente. Entre estes catro núcleos de localización acollen o 86,81% do total do VEB xerado polo sector industrial da área de Ferrol.

O sector industrial pode dividirse en catro subsectores para unha análise máis polo miúdo: enerxía, bens intermedios, bens de equipamento e bens de consumo.

Atendendo ós indicadores empresariais, o **subsector enerxético** estaba composto en 1997 por un total de 11 empresas que facturaban máis de 40 millóns. O cadro

da indicación da actividade reflicte tanto un aumento do resultado económico neto de explotación como do resultado neto do exercicio. Prodúcese tamén un descenso do valor relativo do valor engadido bruto, que representa o 30,41% dos ingresos de explotación en 1997 fronte ós 31,61% do ano anterior. Pola contra, no caso do *cash-flow*, aumenta o seu peso desde o 10,41% de 1996 ata o 11,41% do ano 1997.

En relación ó estudio económico e financeiro, prodúcese un descenso da rendibilidade económica e da rendibilidade financeira do subsector da enerxía. A primeira descende por mor da caída da marxe, dado que a rotación de activos permanece practicamente constante. Pola súa banda, a rendibilidade financeira decrece influenciada pola caída da rendibilidade económica, xa que o custo neto da débeda permanece constante.

Pontedeume é o principal núcleo de xeración do VEB do subsector na área (un total de 175.376 millóns de pesetas), seguido de Ferrol (con 89.165 millóns de pesetas) e Narón (con 54.877 millóns de pesetas). Entre os tres producen o 84,27% do total do VEB a custo de factores xerado polo subsector enerxético na área de Ferrol.

No sector enerxético salienta o papel da Empresa Nacional de Electricidad, S.A. (**Endesa**) na comarca. Segundo o informe anual de Endesa de 1997, a factoría de As Pontes ten unha potencia de 1.400 MW (a 31 de decembro de 1997), o que representa o 20,8% da potencia do carbón no grupo Endesa e o 6,12% do total da potencia de Endesa.

Cadro 4.12.

Magnitudes financeiras de Endesa 1997

(en millóns de pesetas)

	Total Grupo Endesa	Endesa As Pontes (1)
Ingresos de explotación	1.282.394	78.482,12
Beneficios despois impostos	166.742	10.204,61
Chas-flow despois impostos	477.795	29.421,05
Investimentos totais	653.944	40.021,37
Total activo	4.371.525	267.537,33

(1) os datos para Endesa-As Pontes calcúlanse a partir do que supón a potencia na factoría sobre o total da potencia instalada no conxunto do grupo (6,12%)

Fonte: Endesa, Informe Anual 1997

Se se toma como variable aproximativa dos datos económicos da planta de As Pontes a porcentaxe que a potencia descentralizada representa no total do grupo Endesa, o **cadro 4.12.** amosa que os ingresos de explotación de Endesa As Pontes foron de 78.482,5 millóns de pesetas e que os beneficios ascenderon a 10.204,6 millóns de pesetas.

En canto ó cadro do persoal se refire, en 1996 Endesa As Pontes contaba con 2.027 traballadores, todos eles fixos, o que representaba o 8,26% dos traballadores do grupo Endesa. Na evolución do cadro do persoal nos últimos catro anos apréciase unha redución continua do número de traballadores, que pasa dos 2.536 empregados en 1993 ós 2.027 do ano 1996, o que supón unha caída do 20,07%. Respecto ó ano anterior, o cadro do persoal redúcese nun 4,61%.

No caso do **subsector dos bens intermedios**, a mostra seleccionada por Ardán está formada por 28 empresas, que presentan en 1997 un forte descenso, no seu conxunto, do resultado económico neto de explotación e un crecemento do resultado neto do exercicio. A diferenza do que acontece no caso da enerxía, neste subsector aumenta a importancia

relativa do VEB a custo dos factores, que pasa do 24,24% en 1996 ó 25,01% do ano 1997, e descende o peso do *cash-flow*, que baixa do 12,37% ó 11,89% de 1997.

A análise económica e financeira revela un importante crecemento dos ingresos e do valor engadido bruto. O mesmo acontece coa rendibilidade económica e financeira. A primeira medra debido ó incremento da marxe de actividade, que compensa a evolución da rotación de activos, e a segunda crece influenciada pola primeira e pola caída do custo neto da débeda.

Dentro das industrias do subsector bens intermedios salienta a importancia da industria auxiliar, onde as 16 empresas que facturan máis de 40 millóns de pesetas en 1997 presentan uns ingresos de 31.845,5 millóns de pesetas e un valor engadido de 8.128,7 millóns, o que significa o 79,66% do total de ingresos das industrias de bens intermedios e o 81,30% do total do VEB xerado. Asemade, é a industria que maior emprego medio por empresa presenta.

O núcleo de localización máis importante para estas industrias é o concello de Narón, con 7.615,8 millóns de pesetas,

seguido de Mugar dos e Ortigueira, con 828,8 e 616,7 millóns de pesetas, respectivamente.

A mostra do **subsector dos bens de equipamento** está composta por 99 empresas que facturan máis de 40 millóns de pesetas. Atendendo ós datos empresariais obtidos a partir da análise de Ardán, o subsector presenta un decrecemento dos ingresos e gastos de explotación dun 43,42% e 47,09% respectivamente. Non obstante, o resultado económico neto de explotación, a pesar de ser negativo en 1997, mellora de forma considerable respecto ó ano anterior, xa que pasa dos 16.443,3 millóns de pesetas de perdas en 1996 ós 5.978,16 millóns de 1997.

Unha evolución similar segue o resultado neto do exercicio, que, a pesar dunha mellora do 128,25%, rexistrou en 1997 unhas perdas de 5.117,62 millóns de pesetas. Ademais, en 1997 prodúcese un aumento importante do VEB, que representa o 21,70% do total dos ingresos, cando o ano anterior o VEB era negativo.

A rendibilidade económica decrece por mor da caída da rotación de activos, que compensa a mellora da marxe de actividade, en tanto que a rendibilidade financeira aumenta por mor da mellora do custo neto da débeda, que compensa a caída da primeira.

Dentro do subsector de bens de equipamento destaca o peso do subsector naval, no que as trece empresas que facturaron máis de 40 millóns de pesetas en 1997 obtiveron uns ingresos de explotación conxuntos de 16.988,1 millóns de pesetas e xeraron un VEB total de 6.419,1 millóns de pesetas.

Pola súa banda, as 50 empresas do subsector da automoción presentan un nivel similar de ingresos, pero cun VEB xerado inferior (2.023,3 miles de millóns de pesetas).

As principais empresas do subsector pola súa aportación ó xeración do VEB atópanse na ría de Ferrol: os tres concellos destacados son Ferrol, Fene e Narón, que xeran o 88,88% do VEB total da industria de bens de equipamento.

Pola súa importancia en Ferrolterra, cómpre profundizar na análise na industria naval. As 12 empresas do naval que facturan máis de 40 millóns de pesetas en 1997 están situadas na comarca de Ferrol. Esta actividade presenta en 1997 unha evolución moi positiva en relación ó ano anterior, xa que tanto o resultado económico neto como o resultado do exercicio crecen máis dun 70% en relación o ano anterior: as perdas deste último ano foron de 4.288,6 e 3.462,3 millóns de pesetas, respectivamente, fronte ós 15.181,2 e 16.623,5 millóns de pesetas de perdas do ano anterior.

Ademais, en 1997 o VEB a custo de factores foi de 6.419,1 millóns de pesetas, fronte ós -3.302,7 millóns de pesetas do ano anterior.

A principal actividade dentro do sector naval é a construción e reparación de buques, con empresas que se localizan, principalmente, en Fene e Ferrol e que producen o 96,57% do total do VEB xerado na comarca polo sector.

Dentro deste subsector naval, resulta especialmente relevante a actividade das

dúas empresas máis importantes: Astano e Bazán.

Astilleros y Talleres del Noroeste, S.A. (Astano) rexistrou unha importante redución das súas perdas en 1997: dos 16.681 millóns de pesetas de perdas contabilizados en 1996 pasou ós 3.578 millóns de pesetas en 1997. Neste ano o VEB a custo de factores foi positivo (3.632 millóns de pesetas), a diferenza do que ocorría no ano anterior. A empresa experimentou nos últimos anos un proceso de reestructuración do seu cadro de persoal, que pasou dos 2.010 traballadores de 1995 ós 1.547 en 1996 e ós 1.453 empregados en 1997.

Pola súa banda, o cadro de persoal de Bazán en 1997 estaba formado por 3.734 traballadores fixos, un 11,68% menos que en 1993, cando o persoal estaba composto por 4.282 empregados.

A mostra tomada para a análise do **subsector de bens de consumo** está formado por 44 empresas que facturan máis de 40 millóns de pesetas. Estas empresas presentan valores positivos tanto no resultado económico neto de explotación como na evolución do VEB. Non obstante, en 1997 as empresas presentaron un descenso nos beneficios e diminuíu tamén o peso relativo do *cash-flow*.

Do estudio económico e financeiro despréndese un descenso da rendibilidade económica causado pola caída da marxe de actividade, en tanto que a rendibilidade financeira antes de impostos decrece influenciada pola caída da primeira.

Dentro deste subsector industrial des-

taca o téxtil e confección, onde as 25 empresas da mostra analizada presentan uns ingresos de explotación de 10.155 millóns de pesetas e un valor engadido bruto de 3.179,8 millóns de pesetas.

Os tres núcleos de localización máis importantes das industrias do subsector están na comarca de Ferrol. O máis importante é o concello de Ferrol, cun VEB xerado de 3.141,1 millóns de pesetas, seguido de Neda e Narón, con 601,5 e 172 millóns de pesetas, respectivamente.

Construcción

A partir da mostra considerada polo Ardán, o **cadro 4.2** reflicte que o sector da construción está composto por 149 empresas que facturan máis de 40 millóns de pesetas e presenta un emprego medio de 20 traballadores por empresa. Estas empresas relacionadas coa construción na área de Ferrol xeran uns ingresos totais de 26.844,0 millóns de pesetas en 1997, fronte ós 24.164,5 millóns en 1996.

A evolución da actividade das empresas constructoras consideradas, recollida no **cadro 4.13.**, amosa un crecemento dos seu resultado económico neto de explotación en 1997 e tamén dos seus beneficios, que aumentan un 162,23% respecto ó ano anterior. A evolución positiva deste sector queda reflectida tamén no aumento do valor engadido bruto de explotación e do *cash-flow*, aínda que a relación entre o VEB e os ingresos de explotación descende do 33,49% de 1996 ó 31,81% do ano 1997.

En canto as fontes de financiamento

Cadro 4.13. Evolución da actividade no sector da construción na área de Ferrol 1996-97: ingresos , custos e resultados

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96	Resultados por Comarcas 1997		
	1996	1997	(%)	Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Ingresos de explotación	24.164,47	26844,04	11,09	21858,95	4226,32	758,77
Consumo e outros gastos de explotación	16.071,16	18304,77	13,90	15182,78	2548,7	573,29
Valor engadido bruto a custo dos factores	8.093,32	8539,28	5,51	6676,18	1677,62	185,48
Gastos de persoal	6.649,20	6865,8	3,26	5375,52	1338,69	151,59
Resultado económico bruto da explotación	1.444,14	1673,48	15,88	1300,66	338,93	33,89
Amortizacións	440,62	503,16	14,19	374,83	108,25	20,08
Resultado económico neto da explotación	1.003,52	1170,31	16,62	925,83	230,68	13,8
Carga financeira	729,33	647,15	-11,27	489,31	141,22	16,62
Resultado de actividades ordinarias	274,20	523,16	90,80	436,52	89,46	-2,82
Resultado de actividades extraordinarias	77,97	-31,78	-140,76	-46,9	15,05	0,07
Resultado antes de impostos	352,17	491,38	39,53	389,62	104,51	-2,75
Impostos	228,12	166,11	-27,18	136,37	30,8	-1,06
Resultado neto do exercicio	124,04	325,27	162,23	253,25	73,71	-1,69
Cash-flow	564,66	828,43	46,71	628,08	181,96	18,39

Fonte: Ardán

Cadro 4.14. Evolución do investimento e do financiamento do sector da construción na área de Ferrol 1996-97

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96	Resultados por Comarcas 1997		
	1996	1997	(%)	Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Activo total	17.338,89	19.705,85	13,65	16.179,91	3.094,22	431,72
Activo fixo (neto)	3.669,34	4.298,00	17,13	3.206,16	930,90	160,94
Gastos amortizables	98,46	77,65	-21,14	68,29	7,92	1,44
Inmovilizado inmaterial	481,41	586,40	21,81	429,92	146,88	9,60
Inmovilizado material	2.952,08	3.429,64	16,18	2.536,63	750,95	142,06
Outro inmovilizado	115,39	184,32	59,74	170,83	5,65	7,84
Outro activo fixo	22,00	20,00	-9,09	0,50	19,50	
Circulante neto	13.669,54	15.407,86	12,72	12.973,74	2.163,33	270,79
Existencias	5.384,44	5.903,67	9,64	5.194,06	563,31	146,30
Debedores	6.654,12	7.687,91	15,54	6.218,71	1.374,49	94,71
Tesorería	1.451,93	1.500,79	3,37	1.280,67	192,66	27,46
Outro activo circulante	179,05	315,50	76,21	280,31	32,87	2,32
Fontes de financiamento	17.338,89	19.705,85	13,65	16.179,91	3.094,22	431,72
Financiación permanente	6.339,06	7.246,38	14,31	5.860,89	1.184,06	201,43
Fondos propios	4.126,00	4.593,60	11,33	3.794,82	689,36	109,42
Recursos alleos L/P	2.143,06	2.524,68	17,81	1.977,37	455,31	92,00
Ingresos distribuidos en varios ejercicios	41,60	32,38	-22,16	15,48	16,90	
Provisións	28,42	95,71	236,77	73,22	22,49	
Acreeedores a curto prazo	10.999,81	12.459,49	13,27	10.319,02	1.910,17	230,30
Fondo de rotación	2.669,72	2.948,38	10,44	2.654,73	253,16	40,49

Fonte: Ardán

no sector (**cadro 4.14.**), en 1997 continúa o predominio do financiamento permanente, que representa o 63,22% do total, fronte ós 63,44 do ano anterior. Porcentaxes similares se observan na comarca de Ferrol, onde as fontes de financiamento permanente representan en 1997 o 63,78%, fronte ó 65,13% do ano anterior.

Na análise económica e financeira do sector, apréciase un crecemento da rendibilidade económica e da rendibilidade financeira. A primeira sube por mor do aumento da marxe de actividade e a segunda medra pola influencia da primeira e pola redución do custo neto da débeda.

A totalidade de empresas de construción da área se enmarcan dentro da actividade de construción e obras públicas, e os principais núcleos de localización das empresas están, novamente, na comarca de Ferrol. Os máis importantes son os concellos de Ferrol, Narón e Fene, que xeran, en conxunto, o 72,12% do VEB total da área analizada.

Servicios

O apartado correspondente ós servicios está composto por 5 subsectores diferenciados: o turismo e ocio, os servicios empresariais, o transporte, as comunicacións e outros servicios non destinados á venda.

Como característica xeral do sector servicios, desde o punto de vista empresarial, o mostra do sector na área de Ferrol está composta no ano 1997 por 100 empresas que facturan máis de 40 milóns de pesetas. Destaca o subsector transportes, que xera o 57,18% do total do VEB do sector servicios

na área de Ferrol o 58,68% dos ingresos de explotación, acollendo un emprego medio de 26 traballadores por empresa, fronte ós 19 do sector servicios no seu conxunto.

A actividade do sector servicios presenta, como reflicte o **cadro 4.15.**, un crecemento do resultado económico neto de explotación e dos seus beneficios respecto ó ano anterior, ó igual que acontece co VEB a custo de factores e co *cash-flow*.

A importancia relativa do VEB sobre os ingresos de explotación descende do 31,71% do ano 1996 ata o 30,89% de 1997, ó contrario do que lle sucede ó peso dos beneficios no total dos ingresos, que pasa do 2,67% de 1996 ó 3,14% do ano seguinte.

En relación ó activo total e o seu financiamento, as empresas acuden dunha forma similar ós recursos a curto prazo e ó financiamento permanente, onde predominan os fondo propios: en 1997 representaban o 64,24% do total das fontes de financiamento permanente (**cadro 4.16.**).

No estudio económico e financeiro, constátase un descenso tanto da rendibilidade económica, por mor do descenso da rotación de activos, como da rendibilidade financeira antes de impostos, debido á caída da primeira e á evolución do custo da débeda, en tanto que crece o coeficiente de endebedamento.

En canto ós principais núcleos de localización, Ferrol e Narón, na comarca de Ferrol, e As Pontes, na comarca de Eume, acollen o 77,23% do total do VEB xerado polos servicios na área no ano 1997.

Cadro 4.15. Evolución da actividade no sector dos servizos na área de Ferrol 1996-97: ingresos , custos e resultados

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96	Resultados por Comarcas 1997		
	1996	1997	(%)	Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Ingresos de explotación	22.752,07	24.406,59	7,27	20.096,58	4.148,39	161,62
Consumo e outros gastos de explotación	15.534,02	16.866,89	8,58	13.859,85	2.904,34	102,70
Valor engadido bruto a custo dos factores	7.218,05	7.539,72	4,46	6.236,73	1.244,06	58,93
Gastos de persoal	4.962,14	5.115,33	3,09	4.370,83	717,73	26,77
Resultado económico bruto da explotación	2.255,92	2.424,38	7,47	1.865,89	526,33	32,16
Amortizacións	971,16	1.044,66	7,57	843,93	188,87	11,86
Resultado económico neto da explotación	1.284,76	1.379,72	7,39	1.021,96	337,46	20,30
Carga financeira	429,51	376,02	-12,45	256,53	110,55	8,94
Resultado de actividades ordinarias	855,26	1.003,70	17,36	765,43	226,91	11,36
Resultado de actividades extraordinarias	94,75	113,94	20,25	86,87	27,07	
Resultado antes de impostos	950,01	1.117,65	17,65	852,31	253,98	11,36
Impostos	342,90	351,24	2,43	274,20	73,63	3,41
Resultado neto do exercicio	607,11	766,41	26,24	578,11	180,35	7,95
Cash-flow	1.578,28	1.811,07	14,75	1.422,04	369,22	19,81

Fonte: Ardán

Cadro 4.16. Evolución do investimento e do financiamento do sector dos servizos na área de Ferrol 1996-97

(en millóns de pesetas)

	Resultados totais		97/96	Resultados por Comarcas		
	1996	1997	(%)	Comarca de Ferrol	Comarca de Eume	Comarca de Ortegal
Activo total	14.349,73	16.267,49	13,36	12.328,80	3.833,39	105,30
Activo fixo (neto)	7.372,72	8.756,98	18,78	6.840,35	1.849,31	67,32
Gastos amortizables	261,39	211,85	-18,95	186,54	23,20	2,11
Inmovilizado inmaterial	1.301,66	1.294,73	-0,53	1.098,62	179,48	16,63
Inmovilizado material	3.854,90	4.494,48	16,59	3.516,19	929,72	48,57
Outro inmovilizado	1.867,68	2.728,82	46,11	2.011,90	716,92	
Outro activo fixo	87,09	27,09	-68,89	27,09		
Circulante neto	6.977,01	7.510,51	7,65	5.488,45	1.984,08	37,98
Existencias	791,77	933,57	17,91	605,10	327,63	0,84
Debedores	4.414,78	4.947,29	12,06	3.358,50	1.574,85	13,94
Tesorería	843,79	796,92	-5,55	716,06	66,65	14,21
Outro activo circulante	926,67	832,72	-10,14	808,79	14,94	8,99
Fontes de financiamnet	14.349,73	16.267,49	13,36	12.328,80	3.833,39	105,30
Financiación permanente	7.052,22	8.091,39	14,74	6.277,00	1.745,48	68,91
Fondos propios	4.571,17	5.197,79	13,71	3.908,31	1.267,37	22,11
Recursos alleos L/P	2.235,00	2.466,05	10,34	2.080,75	338,50	46,80
Ingresos distribuidos en varios ejercicios	80,98	214,77	165,21	202,63	12,14	
Provisións	165,06	212,78	28,91	85,31	127,47	
Acreedores a curto prazo	7.297,53	8.176,10	12,04	6.051,80	2.087,91	36,39
Fondo de rotación	-320,51	-665,60	107,67	-563,35	-103,84	1,59

Fonte: Ardán

Cadro 4.17.

Pasaxeiros no porto de Ferrol 1996-97

	1996	1997	(%) 97/96
Cabotaxe e exterior	138	197	42,75
Bahía ou local (1)	62.500	48.300	- 22,72
Total	62.638	48.497	- 22,58

(1) inclúe os cruceiros turísticos pola Ría de Ferrol

Fonte: *Autoridade Portuaria de Ferrol - San Ciprián*

Cadro 4.18.

Mercadorías movidas no porto de Ferrol 1995-97

	(en Tm) Ferrol	(%) Ferrol / Autoridades Portuarias galegas
1995	3.415.741	
1996	3.453.217	14,69
1997	3.625.689	15,24
96/95	1,1	
97/96	5,0	3,8

Fonte: *Autoridade Portuaria de Ferrol - San Ciprián; Puertos del Estado*

• **Turismo e ocio.** Na análise da evolución da actividade destaca que as 29 empresas do subsector do turismo e ocio que facturan máis de 40 millóns de pesetas en 1997 na área de Ferrol presentan un incremento no resultado neto de explotación dun 8,67% respecto ó resultado do ano anterior, e unha evolución favorable dos seus resultados netos do exercicio, que pasan dunhas perdas de 11,9 millóns de pesetas en 1996 a uns beneficios de 225,4 millóns de pesetas en 1997. Apréciase tamén un aumento do VEB e do *cash-flow*, aínda que, en termos relativos, o peso do VEB no total de ingresos descende lixeiramente.

No eido do estudio económico e financeiro, salienta a redución tanto da rendibili-

dade económica como da financeira. A primeira descende por mor do descenso da marxe e da rotación de activos, e a segunda, influenciada polo descenso da rendibilidade económica.

Dentro do subsector do turismo e ocio na área de Ferrol destacan as 10 empresas de máquinas recreativas e tragaperras, que facturan 1.943,6 millóns de pesetas, e as actividades de hospedaxe, que presentan uns ingresos de 521,9 millóns de pesetas en 1997.

Xeograficamente, salienta o concello de Ferrol, que xera 1.002,1 millóns de pesetas, o que representa o 85,03% do VEB total xerado polo turismo na área analizada.

Cadro 4.19.
Resumo xeral do tráfico marítimo no porto de Ferrol 1996-97

(en Tm)

	1996	1997
Productos petrolíferos (1)	89.216	183.212
Graneis sólidos	3.047.600	3.082.538
Carbón	2.487.131	2.495.289
Chatarra	422.544	390.613
Urea	49.617	56.634
Mercadoría xeral	199.238	229.464
Resto (2)	117.164	130.475
Total	3.453.218	3.625.689

(1) incluído avituallamento de productos petrolíferos

(2) comprende graneis líquidos non petrolíferos, tráfico local, pesca e avituallamentos non petrolíferos

Fonte: Autoridade Portuaria de Ferrol - San Ciprián

Cadro 4.20.
Comercio exterior no porto de Ferrol 1996-97

(en Tm)

	1996	1997
Comercio exterior	3.334.139	3.494.702
Importación	3.170.115	3.292.850
Exportación	160.649	201.852
Transbordo	3.375	-
Cabotaxe	108.368	115.643
Pesca, abastecementos e tráfico local	10.711	15.344
Total	3.453.218	3.625.689

Fonte: Autoridade Portuaria de Ferrol - San Ciprián

Cadro 4.21. Mercadorías cargadas e descargadas nos portos da área de Ferrol (1) 1997-98

	Graneis sólidos		Mercadoría xeral		Total	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Comarca de Ferrol						
Cedeira	-	-	21.845	47.134	21.845	47.134
Comarca de Ortegal						
Cariño	574.750	533.715	-	-	574.750	533.715

(1) sen conta-lo porto de Ferrol

Fonte: Portos de Galicia

• **Transportes.-** Dentro do sector transporte vaise considerar tanto os transportes de pasaxeiros como os de mercadorías nos diferentes medios. Dada a especial importancia do porto de Ferrol, cómpre destacar que o principal modo de transporte de mercadorías neste porto é a estrada, en tanto que o ferrocarril ten un uso marxinal.

Transporte marítimo.- O tráfico de pasaxeiros no porto de Ferrol foi, en 1997, de 48.497 persoas, o que supón un descenso do 22,58% respecto ó ano anterior. Este descenso é debido á caída do tráfico de pasaxeiros local, xa que o tráfico de cabotaxe e exterior aumenta respecto ó ano anterior (**cadro 4.17.**).

En relación ó movemento de mercadorías, o tráfico portuario total do porto de Ferrol foi de 3.625 miles de toneladas en 1997, o que supón o 15,24% do total de mercancías movidas nos 7 portos de interese xeral en Galicia, fronte ó 14,69% do ano anterior (**cadro 4.18.**).

Desagregando o estudio atendendo ás diferentes mercadorías, como se fai no **cadro 4.19.**, no porto de Ferrol destaca o transporte de graneis sólidos, que acadan as 3.082 miles de toneladas (o 85,02% do total de toneladas movidas, fronte ó 88,23% do ano anterior). Dentro deste tipo de mercancía destaca o carbón, que supón o 80,95% do total de graneis sólidos movidos no porto de Ferrol, moi por riba da chatarra (12,67%) e da urea (1,83% do total).

A meirande parte das mercadorías está adicada, como amosa o **cadro 4.20.**, ó comercio exterior, e especialmente á impor-

tación, e só un 3,61% adícanse ó cabotaxe e á pesca, abastecementos e tráfico local.

A área analizada acolle tamén portos pertencentes a Portos de Galicia: Cedeira, na comarca de Ferrol; o de Cariño e Ortigueira, en Ortegal; e o de Pontedeume, na comarca de Eume.

Estes portos adícanse principalmente á pesca, actividade na que destaca o porto de Cariño, no que se descargou en 1998 o 65,62% do total desembarcado nestes portos. Non obstante, en Cedeira se descarga a práctica totalidade dos crustáceos, o que explicaría a ampla diferenza do valor en primeira venda do total capturado en Cedeira e en Cariño (**cadro 4.21.**).

A partir de información facilitada polas diferentes lonxas, Cedeira é quen presenta un maior volume de facturación presentando nos dous últimos anos a súa cifra record. A causa principal destes bos resultados está na suba xeralizada dos prezos medios en primeira venda para practicamente tódalas especies, destacando o incremento nun 20% no prezo medio do percebe. (**cadro 4.22.**)

En canto ás mercadoirías cargadas e descargadas, polo porto de Cedeira entra e sae madeira, en tanto que polo de Cariño o fai a dunita.

Os datos empresariais do subsector do transporte correspondentes a 1997 amosan unha diminución do 22,40% do resultado neto do exercicio, para situarse nuns beneficios de 390,33 millóns de pesetas, fronte ós 503,01 millóns do ano anterior.

Cadro 4.22.

Volume de facturación das lonxa da área de Ferrol 1994-98

(en millóns de pesetas)

	1994	1995	1996	1997	1998
Cedeira				1.234,7	1.175,9
Ferrol				190,1	217,2
Pontedeume	23,4	40,5	41,5	46,6	18,5
Cariño	713,8	551,5	495,8	394,1	432,3

Fonte: datos facilitados directamente polos propios Portos

O valor engadido xerado polo sector aumenta nun 4,1% respecto ó ano anterior, aínda que o seu peso relativo descende do 30,46% dos ingresos de explotación en 1996 ata ó 30,10% de 1997.

Respecto á análise económica financeira, o subsector transporte experimenta un aumento da rendibilidade económica e da financeira, debido esta última ó crecemento da primeira e o descenso do custo neto da débeda.

Por actividades salienta a importancia das 21 empresas de transportes de mercadorías, cuns ingresos de 8.924,9 millóns de pesetas e cun valor engadido bruto de 1.884,1 millóns de pesetas, e as actividades de transporte de pasaxeiros, que facturan un total de 3.194,6 millóns, cunha xeración de VEB de 1.693,3 millóns de pesetas.

Os núcleos de localización máis importantes pola súa aportación á xeración do VEB son Ferrol, con 2.316,3 millóns de pesetas en 1997, As Pontes e Narón, con 1.127,7 millóns de pesetas e 658,7 millóns de pesetas, respectivamente.

• **Comunicacións.**- A partir da mostra de empresas analizada polo Ardán, o **cadro 4.2.** reflicte que na área de Ferrol 9 empresas que facturan máis de 40 millóns estarían

englobadas dentro do subsector das comunicacións, cun nivel de emprego medio de 9 traballadores por empresa.

Os datos amosan que 1997 foi un ano positivo para o subsector no que á evolución do resultado económico neto de explotación, os beneficios e o VEB se refire: o primeiro crece un 106,76% respecto ó ano anterior e os outros medran, respectivamente, un 78,94% e un 42,48%. Asemade, prodúcese un aumento no peso das variables beneficios, VEB e *cash-flow* no total dos ingresos.

Na análise económica financeira salienta o descenso das rendibilidades económica e financeira, debido a primeira ó descenso da marxe de actividade e a segunda, ó descenso da primeira e á subida do custo neto da débeda.

Finalmente, en canto ás actividades máis importantes e a súa localización, o concello de Ferrol acapara practicamente esta actividade, onde destacan as papelerías e librerías, que facturan un total de 2.049,8 millóns de pesetas e xeran un VEB de 178,3 millóns de pesetas, e as empresas adicadas á informática, comunicacións e actividades diversas, que facturaron un total de 344,1 millóns de pesetas e xeraron un VEB total de 44,7 millóns de pesetas en 1997. □